

A Cámara pon en marcha un servizo de alertas sobre axudas e licitacións públicas

Ferrol. 08/11/2011. A Cámara de Comercio de Ferrol ofrece ás empresas asociadas un novo servizo de alertas que permite o acceso á información sobre axudas e licitacións.

Con esta iniciativa a entidade busca incrementar o nivel de participación das firmas da comarca nas convocatorias de axudas e incentivos económicos para o fomento da actividade empresarial que realizan as diferentes administracións, ademais de facilitar o acceso ás oportunidades de negocio que se xeran no ámbito dos concursos públicos.

Os usuarios do servizo recibirán no seu enderezo electrónico, o mesmo día da súa publicación, as alertas sobre as axudas e licitacións ás que pode acceder a súa empresa en función do seu sector de actividade.

Ademais, no caso das licitacións enviarase información puntual de todo o proceso: convocatoria, apertura e adxudicación.

Estas prestacións complementáanse cun asesoramento personalizado en todos aqueles trámites relacionados coa presentación das ofertas para os concursos e coa solicitude de axudas e subvencións.

Para beneficiarse deste servizo, que ten carácter gratuíto, a empresa terá que inscribirse nun rexistro de usuarios, cubrindo un formulario de alta no que se recollerán todos os datos necesarios para filtrar a información, previamente ao seu envío, segundo o tipo de actividade empresarial.

As empresas interesadas en coñecer máis detalles sobre as condicións e características do servizo de alertas poden chamar ao teléfono 981 333 165 ou enviar a súa consulta ao enderezo electrónico info@camaraferrol.org

